

## TEMA 8. KARL MARX E A CRÍTICA DO CAPITALISMO

### 1. CONTEXTO.

#### 1. 1. CONTEXTO HISTÓRICO. A REVOLUCIÓN INDUSTRIAL.

Durante o século XIX, Europa experimentou unha etapa de grandes e significativos cambios. A Revolución Industrial que xurdira a finais do século anterior en Inglaterra estendeuse polo continente. A mediados de século produciuse a Segunda Revolución Industrial, ligada a un capitalismo dinanteito e industrial cada vez máis forte. Apareceu a electricidade, desenvolveuse o ferrocarril e expandíronse as industrias químicas e de aceiro. Coa industrialización, a burguesía gañou riqueza e influencia e converteuse na clase social máis poderosa. Despois das distintas vagas de revolucións liberais que sacudiron Europa, o Antigo Réxime derrubouse e os burgueses accederon ao poder. Moitos países de Europa adoptaron o parlamentarismo liberal e a democracia con sufraxio restrinxido. Estendeuse o liberalismo económico e político, afianzado coas achegas dos economistas ingleses como Adam Smith, David Ricardo e Thomas Malthus.

Atraídos polas posibilidades de traballo, moitas persoas abandonaron o campo e emigraron ás cidades para converterse en obreiros fabris. Así xurdiu unha nova clase social: o proletariado. As pésimas condicións de vida dos proletarios fixeron que os traballadores comezasen a asociarse para esixir melloras sociais e laborais. Desta forma xurdiron os primeiros sindicatos, así como o socialismo, que inicialmente manifestou un carácter utópico e idealista nas formulacións de Saint-Simon, Fourier ou Proudhon. Fronte a estas primeiras iniciativas, Marx e Engels propuxeron unha versión científica do socialismo, inspirada no materialismo histórico e na análise rigorosa do modo en que funciona a economía capitalista, co propósito de fundamentar un cambio social revolucionario que impulsase a transición ao comunismo.

A arte e a cultura na primeira metade do século XIX estaban dominados polo Romanticismo, un movemento estético que afirmaba a importancia dos sentimentos e da liberdade fronte ao predominio da racionalidade que caracterizara o século anterior. Os poetas e os músicos románticos defenderon unha visión subxectivista da realidade, inspirada pola natureza e polas forzas pasionais e irracionais da vida. No ámbito do pensamento, a corrente romántica reaccionou fronte á defensa ilustrada da razón

afirmando unha interpretación idealista da realidade e da historia. O desenvolvemento industrial tamén está asociado a outras correntes de pensamento. Os filósofos positivistas (como Comte en Francia) defenderon o valor da ciencia e da tecnoloxía, que na súa opinión eran os únicos saberes útiles e proveitosos para o progreso da humanidade. En Gran Bretaña, o crecemento da riqueza debido á industrialización impulsou o desenvolvemento da economía política e da filosofía liberal e utilitarista, exemplificado na figura de John Stuart Mill. Esta é tamén a época na que Darwin deu a coñecer a súa teoría sobre a evolución das especies, que tivo un fondo impacto na sociedade do seu tempo e modificou a nosa visión acerca da posición do ser humano na natureza e no tempo.

O desenvolvemento industrial tamén dá lugar a unha serie de críticas e denuncias das prácticas abusivas e inxustas do capitalismo en expansión. As duras condicións ás que estaban sometidos os obreiros nesta primeira época da industrialización orixinan un intenso movemento de protesta, que culmina coa creación dos primeiros sindicatos e co xurdimento do pensamento socialista. Os cambios que se produciron en Europa por mor da Revolución Industrial modificaran por completo a estrutura económica e social do continente. A aparición das fábricas empuxara a moitos campesiños a deixar as terras e emigrar ás cidades en busca dunha oportunidade laboral. Pero as condicións de traballo nas primeiras etapas da era industrial podían supor xornadas de doce horas diarias a cambio dun salario miserable. Nesta época era habitual atopar a nenos de dez anos traballando nas minas de carbón ou en teares mecánicos. Non existía ningunha protección fronte aos accidentes laborais, como tampouco había ningún tipo de seguro médico nin de pensión de xubilación. Ademais, a maior parte dos traballadores vivía en condicións insalubres, en barriadas que carecían das mínimas condicións hixiénicas, como auga corrente ou rede de sumidoiros.

Neste contexto, pronto xorde un movemento asociativo co que os obreiros comezan a reivindicar unha mellora das súas condicións de traballo. Deste xeito, aparecen os primeiros sindicatos, que se propuñan lograr, mediante a unión dos traballadores, o que nunca podería conseguir a protesta illada dun único individuo. A folga convértese nun poderoso instrumento de loita para os obreiros, coa que ás veces se lograba forzar unha negociación co fin de reducir a extensión da xornada laboral, aumentar os salarios ou

mellorar a seguridade nas fábricas.

Ademais, diversos pensadores tratan de comprender e criticar as inxustizas sufridas polos traballadores e a conflitividade social asociada ao desenvolvemento industrial. Estes autores, inspirados polos ideais de igualdade e fraternidade, reciben o nome de **socialistas**, e entre eles atópanse Saint-Simon, Proudhon, Fourier ou Owen. Á vez que denunciaban os abusos cometidos polos empresarios, aspiraban a promover reformas sociais que dignificasen a situación dos traballadores, e nas súas obras poden atoparse propostas máis ou menos idealizadas nas que se apunta cara a un novo modelo de sociedade, máis xusto e igualitario. O carácter ideal destas propostas explica que Engels se refira a elas coa expresión “socialismo utópico”.

O que Marx reprocha ao socialismo utópico é a súa débil fundamentación científica. Para el, estas propostas de reforma eran intentos ben intencionados e voluntaristas que confiaban en poder reformar o capitalismo introducindo cambios na xornada laboral, os salarios ou as condicións de vida dos traballadores. Marx era moi crítico con esta proposta, porque pensaba que unha análise rigorosa do capitalismo mostraba que este sistema era imposible de reformar. Isto era o que pretendía mostrar coa súa obra e co seu particular modo de entender o socialismo, que denominaba “socialismo científico” para distinguilo do utópico. De acordo co socialismo científico, o sistema capitalista é inxusto e explotador en si mesmo, polo que unicamente pode superarse derrubándoo de forma definitiva para dar paso a un novo modelo de sociedade distinto por completo.

## 1. 2. CONTEXTO FILOSÓFICO E INTELLECTUAL. O PENSAMENTO DE KANT A MARX.

### **O idealismo alemán**

A comezos do século XIX, a filosofía continental europea estaba marcada polo profundo influxo do pensamento kantiano. Como lembrarás, a gran contribución de Kant á filosofía consistira nun intento por delimitar as posibilidades da razón. Kant determinara que aquilo que se atopa dentro do límite do que podemos coñecer é o fenómeno, posto que a cousa en si ou noúmeno resulta inaccesible á razón teórica. Así e todo, nesta época comeza a desenvolverse o movemento romántico, que exalta o papel da liberdade e dos sentimentos. Os filósofos do Romanticismo ven con desconfianza a énfase que Kant puña

en establecer límites ás capacidades humanas, e tratan de elaborar unha filosofía que supere esas limitacións. Así xorde o idealismo alemán, unha corrente de pensamento que dominou o panorama filosófico europeo durante a primeira metade do século XIX.

Fichte, Schelling e Hegel son os autores máis relevantes da filosofía idealista alemá. Aínda que existen significativas diferenzas entre s tres, todos eles comparten un mesmo interese por exceder as limitacións impostas pola filosofía kantiana. Segundo eles, é natural que Kant tropece cos límites da razón, porque el comeza a filosofar partindo do suxeito humano e das súas limitacións. Para evitalo, os sistemas filosóficos do idealismo intentan partir de algo que non estea sometido a límites nin a condicións. Está claro que esta realidade suprema non pode ser o suxeito, senón que debe ser algo superior, ilimitado e incondicionado. Cada filósofo chama dunha maneira distinta a esa realidade máxima, punto de partida do pensar idealista. Dependendo do autor, pode recibir o nome do Incondicionado, o Absoluto, o Espírito ou a Idea. Isto permite entender por que este movemento filosófico se denomina idealismo. Cando afirmamos que Fichte, Schelling ou Hegel son filósofos idealistas, o que queremos dicir é que para eles o pensamento ha de partir da realidade suprema e inmaterial que actúa como fonte e orixe de todo o que existe.

### **O sistema hegeliano**

A figura de Hegel é a máis destacada dentro do idealismo alemán. No pensamento hegeliano a realidade só pode ser comprendida considerándoa como unha totalidade global. Para Hegel, todos os intentos de captar parcelas illadas de realidade son insuficientes e insatisfactorios, porque só pode terse unha perspectiva adecuada integrando nun único sistema de pensamento todo canto existe. Para elaborar este sistema filosófico da totalidade, Hegel parte dunha posición idealista. Para el, a realidade última non está formada por obxectos nin por elementos illados, senón por unha entidade inmaterial, incondicionada e absoluta. Hegel denomina **Espírito** a esta realidade suprema, que engloba todo o que existe e que é orixe de todas as cousas. Segundo o filósofo, todos os fenómenos e as realidades que coñecemos non son máis que distintas manifestacións desa forza superior que é o Espírito.

A filosofía de Hegel lembra, en certo xeito, a de Platón pola súa proposta idealista e pola

súa consideración de que o mundo sensible é produto dunha realidade superior e inmaterial. Con todo, hai unha importante diferenza que separa o pensamento de Hegel e o de Platón. Mentres que para Platón o mundo das Ideas é eterno e nunca cambia, para Hegel o Espírito atópase en continuo movemento. Entender a realidade como Espírito significa precisamente iso, concíbila como actividade, como forza dinámica que vai modificándose ao longo da historia e que vai xerando todo canto coñecemos nun continuo proceso de despregamento temporal.

De acordo con isto, Hegel presta unha atención moi especial á filosofía da historia. Segundo pensaba, todos os sucesos que se producen responden a unha lóxica interna que unicamente adquire sentido cando se interpretan como manifestacións do Espírito. Aínda que a primeira vista nos pareza que a historia está formada por unha caótica sucesión de acontecementos desconectados entre si, en realidade todo canto sucede axústase a un plan preciso, mediante o cal o Espírito se vai facendo presente ao longo do tempo. A través deste despregamento, o Espírito manifesta o seu progresivo achegamento á completa racionalidade, xa que todo o que ocorre obedece a un propósito racional prefixado. Hegel afirmaba que “todo o racional é real e todo o real é racional”. Así, por exemplo, os cambios que no transcurso da historia han de ir experimentando a arte, a relixión, o dereito ou as formas de organización social infórmannos do modo en que o Espírito se ha de ir materializando de diferentes maneiras, mostrando unha evolución progresiva ao longo do tempo. De feito, Hegel pensaba que as institucións do Estado moderno representaban a culminación deste proceso de evolución temporal, porque nelas se reflectía a reconciliación do individuo e da sociedade, que quedaban integrados nunha totalidade orgánica superior.

Para Hegel, o proceso de despregamento do Espírito non é directo nin lineal, senón que segue unha lóxica que Hegel denomina **dialéctica**, segundo a cal o progreso do Espírito, o movemento que leva de cada configuración da realidade á seguinte e superior, é froito da loita entre opostos. Este proceso consta de tres momentos nos que se articula este proceso. Nun comezo partimos dunha posición de partida, chamada **tese**, que co paso do tempo xera, a partir de si mesma, a posición contraria, coñecida como **antítese**. A oposición entre tese e antítese, que entran en conflito mutuo, resólvese chegando a unha situación nova e distinta das anteriores, que recibe o nome de **síntese**. A síntese,

segundo Hegel, é unha superación que nega as dúas posicións anteriores á vez que reúne, reconcilia e integra as súas diferenzas. O proceso, con todo, non se detén aquí porque, unha vez alcanzada esta reconciliación, a síntese pasa a converterse nunha nova tese, que enseguida xera o seu propio contrario impulsando de novo o movemento nunha espiral sen fin. A síntese é unha superación que nega as dúas posicións anteriores á vez que reúne, reconcilia e integra as súas diferenzas. O proceso, con todo, non se detén aquí porque, unha vez alcanzada esta reconciliación, a síntese pasa a converterse nunha nova tese, que enseguida xera o seu propio contrario impulsando de novo o movemento nunha espiral sen fin.

### **A filosofía posthegeliana**

Tras a morte de Hegel, a herdanza do seu pensamento seguiu influíndo decisivamente na filosofía alemá. En xeral, os seguidores de Hegel dividíronse en dous grandes grupos, aos que adoita coñecerse como dereita hegeliana e esquerda hegeliana. Os membros da dereita hegeliana outorgaba especial importancia ao sistema filosófico de Hegel, insistindo na idea de que a aparición do Estado (e en concreto, do moderno Estado prusiano, burocrático e autoritario) supuña a culminación final no desenvolvemento histórico do Espírito no tempo. En cambio, os pensadores da esquerda hegeliana estaban máis interesados no método filosófico de Hegel que na súa doutrina. Estes mozos hegelianos, como tamén eran coñecidos, recoñecían as posibilidades da dialéctica como procedemento de investigación filosófica, pero desconfiaban do carácter conservador que ao final adoptaran as ideas de Hegel. Pola contra, na esquerda hegeliana predominaban as posturas liberais e democráticas, moi críticas co ríxido autoritarismo da monarquía prusiana.

**David Strauss, Bruno Bauer, Max Stirner** ou Ludwig Feuerbach son algúns dos autores máis significativos da esquerda hegeliana. David Strauss fíxose moi coñecido ao publicar a súa Vida de Xesús, un texto no que revisaba desde un punto de vista histórico, crítico e escéptico a figura do fundador do cristianismo. Na mesma liña, Bruno Bauer chegou a negar a existencia histórica de Xesús de Nazaret, sostendo que a súa existencia era unicamente un mito. Max Stirner, aínda que próximo ao grupo dos mozos hegelianos, mantiña posturas diferentes, xa que defendía unha especie de anarquismo individualista radical, tal e como expuxo na súa obra *O único e a súa propiedade*.

Mais, entre todos os filósofos da esquerda hegeliana, **Ludwig Feuerbach** ocupa un lugar especialmente destacado polas súas críticas ao hegelianismo e á relixión. Para Feuerbach, o Deus do que falan as relixións non é máis que unha idealización na que a humanidade proxectou as súas ilusións e fantasías. Os seres humanos, que son finitos, imperfectos e mortais, imaxinaron un ser no que quedasen superadas esas limitacións, e así inventaron un Deus eterno, perfecto e inmortal. Na súa obra *A esencia do cristianismo*, Feuerbach explica esta situación como unha perniciosa forma de **alienación**.

Na filosofía de Hegel, onde toda a realidade se identifica co Espírito, o concepto de alienación permite explicar a orixe do mundo material. Segundo Hegel, o proceso de evolución dialéctica, que impulsa o cambio mediante a loita dos contrarios, fai que o espírito se negue a si mesmo, dando lugar á materia, que é o seu oposto. Así, a primeira realidade orixinaria e espiritual experimenta un proceso de alienación ou estrañamento que a leva a enfrontarse co seu contrario, que é o mundo material. Pola contra, no pensamento de Feuerbach, o protagonista da alienación non é o Espírito, senón o ser humano. Como anhelamos a perfección e a infinitude que non temos, as persoas inventamos un Deus todopoderoso no que proxectar esa fantasía de plenitude ilimitada. Así, os seres humanos contribuímos á nosa propia alienación, posto que cremos enfrontarnos a unha realidade estraña e superior ante a cal nos sentimos insignificantes, pero que en realidade foi fabricada por nós mesmos. Pero dese modo, anonadados ante o peso dunha divindade superior, os seres humanos xamais lograremos desenvolver as nosas propias potencialidades. Segundo Feuerbach, só é posible impulsar un humanismo auténtico desde o **ateísmo**, que recoñeza o carácter ficticio e alienante de todas as manifestacións relixiosas.

## 2. O PENSAMENTO DE KARL MARX.

### 2. 1. MARX. VIDA E OBRA.

Karl Marx naceu en 1818 en Tréveris (Prusia, agora Alemaña), no seo dunha familia de ascendencia xudía-asquenací. Seu pai era un avogado convertido ao protestantismo dous anos antes do nacemento de Karl. Coursou estudos de dereito na Universidade de Bonn. Alí, comezaron cedo as súas inquedanzas sociais, e facendo as súas primeiras colaboracións, na *Rheinische Zeitung (Gaceta Renana)*, publicación da que chegará a ser

redactor xefe, pero a revista foi suspendida polas autoridades e Marx emigrou a Francia. En París coñece a Friedrich Engels, con quen nacería unha grande amizade, e que sería até os seus últimos días o seu eterno colaborador. Nesta época escribe os *Manuscritos económico-filosóficos* e algunhas obras críticas coa esquerda hegeliana como *A ideoloxía alemá*.

Os seus artigos publicados en Francia provocan a súa expulsión deste país en 1845, polo que se ve obrigado ao exilio, establecéndose en Bruxelas, renunciou á súa nacionalidade para non ser perseguido polo goberno prusiano, aínda que tampouco adoptou outra nacionalidade, intensificou o contacto cos obreiros alemáns emigrados e ingresou na Liga dos Comunistas, quen lle encargou a realización dun programa con ocasión dun congreso celebrado en Londres en 1847. Ese programa é o *Manifesto comunista* publicado en 1848. Tralo período revolucionario de 1848, trasládase a Colonia, onde organiza un novo diario, *Neue Rheinische Zeitung (Nova Gaceta Renana)*. Esta nova publicación, que ven á luz nun marco de forte actividade obreira organizada, acada un éxito rotundo. E é precisamente por esta capacidade axitadora polo que é prohibida polo goberno renano.

En 1849 Marx pasou a vivir a Londres e alí residiu o resto da súa vida cos escasos recursos económicos que lle reportaban os artigos para periódicos e a axuda dos amigos, neste período é precisamente cando Marx dedica o seu tempo á escritura da que sería a súa obra máis influente, *O capital*, que elabora nas salas de lectura do Museo Británico. Nesta obra, Marx leva a cabo unha análise sistemática do capitalismo e das súas leis a partir do estudo e crítica dos economistas clásicos ingleses. O primeiro volume do *Capital* non verá a luz ate 1867, tras dezaioito anos de traballo. Ademais, mentres traballa nesta obra, Marx colaborou na organización da Primeira Internacional, participando activamente nas discusións e na confrontación no seo da mesma entre comunistas e anarquistas. Morre en 1883 sen rematar *O capital*, cuxos tomos II e III serán publicados por Engels. En 1889 ten lugar a Segunda Internacional e reedítase a obra marxiana.

## 2. 2. O MATERIALISMO HISTÓRICO

### 2. 2. 1. Da crítica do idealismo hegeliano ao materialismo

Karl Marx comeza a desenvolver o seu pensamento desde posicións próximas ás dos mozos hegelianos, en aberta oposición a Hegel. Durante os seus estudos universitarios,



Marx entrou en contacto cos membros da esquerda hegeliana, cos que unía o seu común rexeitamento ao conservadurismo da filosofía que dominaba a universidade alemá tras a morte de Hegel. Non obstante, o espírito crítico de Marx lévao moi pronto a distanciarse da esquerda hegeliana, cuxas posturas consideraba demasiado teóricas e pouco atentas á situación concreta da sociedade do seu tempo. Marx expón as súas discrepancias con Hegel e cos mozos hegelianos en diversos escritos, como *A sagrada familia*, e *A ideoloxía alemá*, obras en cuxa elaboración tamén intervén o seu amigo Friedrich Engels.

A crítica de Marx á filosofía do seu tempo comeza por un profundo axuste de contas co pensamento hegeliano. Aínda que Marx recoñece a potencia do método dialéctico, que el mesmo adopta nas súas propias investigacións, o idealismo do sistema hegeliano parécelle inaceptable. Marx defende unha postura claramente **materialista**, polo que rexeita enérxicamente a teoría de Hegel acerca do Espírito. Neste punto, está de acordo cos mozos hegelianos, pero Marx reprochalles que a súa crítica se limite a cuestionar elementos teóricos e abstractos do pensamento de Hegel. Fronte a esta actitude, Marx considera que a tarefa do filósofo debe ir máis aló da pura especulación para tratar de impulsar un cambio real nas condicións de vida da sociedade. Empregando unha expresión que se fixo célebre, Marx estende esta acusación a todos os filósofos, que, na súa opinión, “se limitaron a interpretar o mundo de distintos modos; do que se trata é de transformalo”. Desde o comezo da súa actividade filosófica, Marx defende a necesidade de pór a filosofía ao servizo da transformación social, en lugar de limitarse ao exercicio dunha crítica abstracta que non vai máis aló da teoría.

Do mesmo xeito que Hegel, Marx cría que os acontecementos históricos non suceden de maneira casual, senón que responden a unha lóxica interna que é posible chegar a comprender. De feito admite, como Hegel, que para captar o sentido da historia é necesario interpretala como unha evolución dialéctica, impulsada pola incesante oposición de contrarios. Así e todo, á hora de determinar cal é o protagonista último da dinámica histórica, Marx apártase por completo de Hegel. Hegel pensaba que o protagonista da historia é o Espírito, que se manifesta ao longo do tempo despregándose en forma de acontecementos, producións culturais ou institucións. No esquema hegeliano, os individuos particulares non fan a historia, senón que máis ben son

configurados por ella, como se fose unicamente os instrumentos dos que se serve o Espírito para facer realidade os seus plans.

Para Marx, este enfoque idealista resulta totalmente insustentable. Segundo este pensador, se verdadeiramente queremos comprender os procesos históricos, primeiro temos que prestar atención ás condicións materiais nas que viven os seres humanos. A historia non é ningunha manifestación do Espírito no tempo, senón que é o resultado de loitas e enfrontamentos que poden explicarse se atendemos a factores como a necesidade que teñen todos os individuos de obter recursos básicos para poder subsistir. Esta teoría ou enfoque desenvolvido por Marx, segundo o cal para entender correctamente a historia é imprescindible partir das condicións materiais de vida, é o que se coñece como **materialismo histórico**.

K. MARX, texto 2

*A ideoloxía alemá*

En completa oposición á filosofía alemá, a cal descende do ceo á terra, erguémonos aquí da terra ao ceo. É dicir, non se parte daquilo que os homes din, imaxinan ou se representan, e tampouco dos homes ditos, pensados, imaxinados, representados, para dende aí chegar aos homes de carne e óso; pártese dos homes realmente activos e con base no seu real proceso vital, preséntase tamén o desenvolvemento dos reflexos e ecos ideolóxicos deste proceso de vida. Tamén as imaxes nebulosas no cerebro dos homes son sublimacións necesarias do seu proceso vital material empiricamente constatable e ligado a precondicións materiais. A moral, a relixión, a metafísica, e a restante ideoloxía, e as formas da consciencia que lles corresponden, non conservan así por máis tempo a aparencia de autonomía. Non teñen historia, non teñen desenvolvemento, senón que os homes que desenvolven a súa produción material e o seu intercambio material son os que, ao cambiar esta súa realidade, cambian tamén o seu pensamento e os produtos do seu pensamento. Non é a consciencia a que determina a vida, senón que é a vida a que determina a consciencia. No primeiro modo de consideración pártese da consciencia como individuo vivo; no segundo, que corresponde á vida real, pártese dos mesmos individuos vivos e reais e considérase a consciencia unicamente como a súa consciencia.

K. MARX / F. ENGELS; *A Ideoloxía alemá* (1845/46), Tomo I, I. A. [1.] (A ideoloxía en xeral, nomeadamente a alemá)

Trad. de Rafael Martínez Castro (USC)

## 2. 2. 2. Infraestrutura e superestrutura

O nosos estudo da historia debe comezar analizando o modo en que a sociedade consegue os recursos materiais que necesita. Segundo Marx, só cando aclaremos este punto poderemos comprender os aspectos culturais e inmateriais da evolución histórica. Este enfoque supón que debemos distinguir dúas esferas completamente distintas, ás que Marx denomina infraestrutura e superestrutura. A **infraestrutura** correspóndese co sistema económico, que asegura a produción e a distribución dos recursos materiais. A **superestrutura**, en cambio, está formada por elementos como as crenzas, as institucións, as leis, as formas de organización política, a relixión, a ciencia ou a arte.

O materialismo histórico insiste na prioridade da infraestrutura, que ten un papel decisivo para a configuración da realidade social. De acordo con Marx, a infraestrutura condiciona de maneira decisiva a superestrutura. Por iso, para lograr unha correcta interpretación dos acontecementos históricos, debemos comezar por entender como funciona a economía, xa que dela depende en último termo a configuración das crenzas institucións e formas de vida na sociedade. Isto é xustamente o contrario do que pensaba Hegel, para quen a realidade última estaba formada polas ideas. Por ese motivo, Marx dicía que a dialéctica de Hegel estaba “cabeza abaixo” e que era necesario “pola sobre os seus pés”.

## 2. 2. 3. Forzas produtivas e relacións de produción

Cando se estuda detidamente a infraestrutura económica da sociedade, poden distinguirse nela as forzas produtivas e as relacións de produción. Marx denomina **forzas produtivas** a todos os elementos cos que conta unha sociedade para producir riqueza. Así, por exemplo, as forzas produtivas das que dispuña a antiga civilización romana incluían a terra, os animais, as minas o arado, a forza de traballo humano, os barcos, etc. Na nosa sociedade actual, diríamos que hai outras forzas produtivas, como as fábricas, as centrais eléctricas, os trens ou os avións. A utilización das forzas produtivas para xerar riqueza só é posible mediante unha adecuada distribución de tarefas. O traballo implica relacións sociais, posto que é unha actividade colectiva que só pode facerse mediante a organización e a cooperación. Nisto consisten as **relacións de produción**, que indican cal

é o papel que cada persoa adopta dentro do sistema económico en relación coas forzas produtivas. Na antiga Roma, as relacións de produción estaban baseadas no escravismo. Uns poucos propietarios eran donos das terras, distribuídas en grandes latifundios, que eran cultivados polos escravos.

As relacións de produción inclúen a división social do traballo e a división entre propietarios e non-propietarios dos medios de produción. As **clases sociais** son os grupos de persoas que ocupan unha posición determinada nas relacións de produción. O funcionamento da infraestrutura económica depende dunha adecuada conexión entre as forzas produtivas e as relacións de produción. Á súa vez, unha infraestrutura sólida permitirá o florecemento dunha rica e frutífera superestrutura, como sucede nas sociedades prósperas e estables. Pero se estudamos o curso dos acontecementos históricos, comprobaremos que esta situación inevitablemente cambia porque as sociedades sofren grandes crises que as desestabilizan e mesmo as levan a desaparecer.

Para Marx, a historia é un proceso dinámico en constante evolución. O que impulsa o proceso de desenvolvemento histórico é o contraste entre posicións contrarias, que se opoñen dialecticamente. Segundo el, unha destas tensións é a que enfrenta as forzas produtivas coas relacións de produción. En cada época histórica, o grao de evolución técnica que alcanzase a sociedade establece cales son as forzas produtivas das que se dispón. Así, por exemplo, a Europa medieval dispuña de terras, barcos, muíños e arados, e tamén da forza dos animais e dos traballadores humanos, pero non contaba con teares mecánicos ou con ferrocarrís. En principio, as relacións de produción que se establecen na sociedade teñen como obxectivo sacar o máximo partido posible ás forzas produtivas dispoñibles. Por exemplo, na Idade Media europea estableceuse o modelo feudal, no cal os señores eran donos da terra, que era traballada polos servos. Con todo, esta situación pode cambiar cando a sociedade evoluciona e os cambios técnicos e históricos modifican a situación. Así, durante a Idade Moderna producíronse unha serie de innovacións que cambiaron por completo o funcionamento da economía. Cara ao século XVIII introducíronse inventos tan importantes como a máquina de vapor ou o tear mecánico. Co tempo, o desenvolvemento da industrialización modificou por completo a configuración

das forzas produtivas en Europa. Nestas circunstancias, as antigas relacións de produción, que estaban baseadas no feudalismo, deixan de ser útiles e funcionais.

### K. MARX, texto 3

#### *Para a crítica da economía política*

O resultado xeral que obtiven e que, unha vez conseguido, serviu de fío condutor aos meus estudos, pode ser así sucintamente formulado: na produción social da súa vida entran os homes en determinadas relacións, necesarias, independentes da súa vontade, relacións de produción que corresponden a un determinado nivel de desenvolvemento das súas forzas produtivas materiais. A totalidade destas relacións de produción forma a estrutura económica da sociedade, a base real sobre a cal se ergue unha superestrutura xurídica e política, e á cal corresponden determinadas formas da consciencia social. O modo de produción da vida material condiciona o proceso da vida social, política e espiritual. Non é a consciencia dos homes a que determina o seu ser, senón ao contrario, é o seu ser social o que determina a súa consciencia. Nunha certa etapa do seu desenvolvemento, as forzas produtivas materiais da sociedade entran en contradición coas relacións de produción existentes ou, o que é só unha expresión xurídica disto, coas relacións de propiedade no seo das cales se tiñan ata aí movido. De formas de desenvolvemento das forzas produtivas, estas relacións convértense en ataduras das mesmas. Sobrevén así unha época de revolución social.

K. MARX; Para a crítica da economía política (1859), Prólogo.

Trad. de Rafael Martínez Castro (USC)

Marx explica esta tensión afirmando que, cando o desenvolvemento técnico modifica as forzas produtivas, estas acaban por entrar en contradición coas relacións de produción. Este conflito adoita conducir a unha crise que só se resolve cando aparecen unhas novas relacións de produción, máis eficaces e axustadas ao novo grao de desenvolvemento da economía. Isto é o que sucedeu en Europa durante os séculos XVIII e XIX, cando as revolucións burguesas lograron acabar co Antigo Réxime e co feudalismo. Segundo Marx, ese complexo proceso que cambiou o panorama europeo non é máis que o reflexo da loita por reaxustar o funcionamento da infraestrutura, facendo compatibles as novas forzas produtivas dispoñibles cunha reorganización das relacións de produción, incluíndo cambios na distribución do traballo e na estrutura da propiedade.

#### 2. 2. 4. A historia

A tensión dialéctica entre as forzas produtivas e as relacións de produción permite entender as grandes fases que ha de ir atravesando a historia ao longo do tempo. Segundo Marx, a historia propiamente dita comezou cando os seres humanos se viron obrigados a dividir o traballo e organizarse para producir o que necesitaban. Isto impulsou o desenvolvemento técnico e económico, pero tamén orixinou as primeiras diferenzas sociais entre a clase dos explotadores e a dos explotados. Desde entón, e ao longo de toda a historia, estes dous grupos mantiveron unha loita continua e incesante, que estivo asociada aos intentos de cambiar as relacións de produción existentes. Por iso pode dicirse que a loita de clases é o motor que impulsa a historia, xa que esta loita reflicte de forma moi clara as contradicións que opoñen as forzas produtivas coas relacións de produción.

Reflexionando sobre as distintas formas que ha de ir adoptando historicamente a loita de clases, Marx identificou os diferentes modos de produción que han de ir sucedendo ao longo do tempo. Segundo cría, os primeiros grupos humanos practicaban unha especie de comunismo primitivo, no que todos compartían por igual os escasos recursos dispoñibles. Con todo, esta etapa estaba marcada pola escaseza e a precariedade, da que unicamente se puido saír cando a humanidade adoptou a agricultura. Nos vales dos grandes ríos, como o Nilo, o Éufrates ou o Tigris, esta nova técnica produtiva permitiu aumentar considerablemente a riqueza dispoñible. Desta maneira deuse paso a un novo sistema social, que Marx denomina o **modo de produción asiático**, caracterizado polo control que unha caste sacerdotal exercía sobre as técnicas de rega e de cultivo. No continente europeo, o sistema económico propio da antigüidade é o **esclavismo**, que é a base económica da civilización grecorromana. Neste caso, os propietarios de terras formaban a clase explotadora, mentres que os escravos eran a clase explotada. Este modo de produción entrou en crise no século V d. C., dando paso ao feudalismo como nova forma de organización social. No **feudalismo**, característico da Idade Media europea, a clase explotadora é a dos señores, que eran propietarios das terras e impuñan o seu poder mediante a forza das armas. A clase explotada era a dos servos, que se vía obrigada a traballar as terras do señor. Este sistema feudal entrou en crise cara a finais do século

XVIII, coa introdución de importantes innovacións técnicas que cambiaron por completo a estrutura produtiva. A crise do feudalismo, deu paso ao triunfo da burguesía, coa que se instaura a era do capitalismo.

O trazo característico do **capitalismo** é a polarización da sociedade en dúas clases sociais claramente diferenciadas. Por unha banda, atópanse os capitalistas, que son propietarios dos medios de produción. O capital, formado polas fábricas, as terras e as máquinas, está en mans dos burgueses, que dese modo controlan os elementos fundamentais do sistema produtivo. En cambio, os proletarios non teñen acceso ao capital, polo que para sobrevivir vense obrigados a vender a súa propia forza de traballo, recibindo a cambio un salario. No capitalismo, os burgueses explotan aos proletarios, que dentro deste sistema teñen poucas expectativas de mellorar as súas condicións de vida. Así e todo, segundo Marx, o mundo capitalista está condenado a desaparecer. Do mesmo xeito que todos os demais sistemas anteriores, o capitalismo enfrontarase antes ou despois a unha crise insuperable, e será substituído por un novo modelo de organización social. A dialéctica da historia producirá a caída do capitalismo, que será inevitablemente substituído polo comunismo como novo sistema de organización social.

#### 2. 2. 5. A ideoloxía

O materialismo histórico dá unha interpretación innovadora dos elementos culturais e inmateriais da sociedade. Marx empregaba o concepto de superestrutura para referirse a esta dimensión da vida en sociedade. A superestrutura inclúe realidades tan diversas como as leis, as formas de organización social, as institucións, as crenzas comunmente compartidas, a relixión, a arte, a ciencia e a filosofía. De acordo con Marx, se queremos comprender adecuadamente este ámbito da civilización, debemos ter moi en conta a decisiva influencia que a economía exerce sobre a cultura. Por iso, para entender como funcionaba, por exemplo, a antiga Roma, debemos comezar por estudar a súa infraestrutura económica, e só despois emprender a análise das súas estruturas xurídicas, políticas ou relixiosas. De feito, as crenzas dos romanos sobre o dereito, as institucións, a arte ou a relixión están profundamente influídas pola súa forma de vida baseada no escravismo. Así, por exemplo, as leis de Roma distinguen entre os homes libres e os

escravos, sendo así tanto un reflexo do modo de produción escravista como un medio para lexitimalo e perpetualo.

Para describir esta situación, Marx distinguía dous elementos ben diferenciados na superestrutura. Por unha banda, a **superestrutura xuridicopolítica**, que inclúe o conxunto de leis, institucións e formas de goberno características dun determinado modo de produción. Por outra, a **superestrutura ideolóxica**, que abarca as crenzas e as formas de vida, así como as interpretacións científicas, relixiosas, filosóficas e artísticas.

A **ideoloxía** é o conxunto de crenzas e representacións distorsionadas que xustifican determinadas situacións históricas presentándoas como naturais. Con todo, non hai que confundir a ideoloxía cunha mentira consciente ou cunha manipulación deliberada por parte dos poderosos. Cando os antigos romanos afirmaban que un home libre tiña o dereito de matar o seu escravo se así o desexaba, non estaban tratando de enganar nin de manipular, senón que estaban convencidos do que dicían. Tampouco Aristóteles estaba mentindo cando defendía nos seus escritos que algúns naceran para mandar e outros para ser escravos. Para quen vivía na antiga civilización grecorromana, incluíndo os propios escravos, a escravitude era algo natural que parecía insensato cuestionar. A ideoloxía desempeña unha **función lexitimadora** da orde establecida porque é interiorizada pola maior parte dos membros da sociedade e acaba por aparecer como algo natural. Por iso, Marx sostén que a ideoloxía característica dunha sociedade é a ideoloxía da súa clase dominante, xa que os poderosos son capaces de estender os seus propios puntos de vista a todos os demais individuos, que terminan por adoptalos aínda que no fondo lles prexudiquen.

Segundo Marx, a **relixión** é un dos elementos da ideoloxía. As crenzas relixiosas desempeñan un papel decisivo para xustificar o sistema social e económico dominante, porque presentan á poboación unha fundamentación sobrenatural acerca desa orde de cousas. A relixión atemoriza os individuos, o que contribúe a controlar os posibles movementos de protesta social. Ademais, a relixión ofrece alivio fronte ao sufrimento, asegurando aos crentes que as penurias padecidas neste mundo atoparán a súa



compensación nunha vida futura despois da morte. Por todas estas razóns, Marx afirma que “a relixión é o **opio do pobo**”, porque, do mesmo xeito que esa droga, mantén a poboación nun estado de letargo e inacción, e porque dificulta a creación dun movemento organizado para tentar cambiar a realidade.

A ideoloxía, como sucede con todos os elementos característicos da superestrutura, está condicionada pola infraestrutura económica. Por iso non ten moito sentido empeñarse en denunciar a falsidade das crenzas relixiosas, políticas ou sociais que teñen confundida a poboación, xa que, por moito que nos esforcemos nesa denuncia, non servirá de nada mentres non se cambien as condicións económicas, que son en último termo as responsables desta visión distorsionada. Este é precisamente o erro que Marx reprochaba aos mozos hegelianos, centrados en atacar as doutrinas equivocadas do cristianismo ou da filosofía de Hegel, o cal non ten sentido se realmente as ideas son produto da situación económica. Por iso, Marx insiste en que, no canto de dedicarse á crítica teórica, o que deben facer os filósofos é contribuír a un cambio das condicións materiais de vida, o cal permitirá máis tarde modificar as ideas e as crenzas.

## 2. 3. A ALIENACIÓN

### 2. 3. 1. A esencia humana

A teoría antropolóxica de Marx rompe coa visión do ser humano aceptada de forma xeral pola tradición filosófica, segundo a cal a característica esencial do ser humano é a racionalidade. Por exemplo, nas súas reflexións sobre a antropoloxía, Aristóteles explicaba que os seres humanos nos distinguimos do resto dos animais porque só nós dominamos o logos, que inclúe a capacidade de falar e de pensar, e que nos converte en seres racionais, morais e sociais. Este é tamén o punto de vista dos filósofos da modernidade, entre os que destaca Kant pola súa especial énfase na importancia da racionalidade humana, que para el é a orixe da nosa dignidade como persoas.

Marx, non obstante, non comparte este punto de vista. Nos seus escritos xuvenís, onde explora a antropoloxía filosófica, aparece unha perspectiva completamente distinta acerca do que nos fai humanos. Para Marx, a característica máis importante do ser humano non é

a súa racionalidade, senón a súa capacidade para transformar a realidade de forma creativa. Aínda que hai outros animais que tamén modifican a natureza, como as aves que constrúen niños ou os castores que fabrican diques, o ser humano é o único capaz de idear os resultados da súa acción antes de levala a cabo, e tamén é o único que pode cambiar a realidade de forma imaxinativa, nova e insospeitada.

Esta posibilidade de actuar de maneira creativa e de producir innovacións é o que Marx chama o **traballo**. A pesar de que moitos seres vivos desenvolven pautas complexas de comportamento, para Marx os seres humanos son os únicos animais que traballan, porque son os únicos capaces de actuar creativamente na modificación das súas condicións de vida. A característica esencial dos seres humanos non é a súa capacidade teórica, senón a súa dimensión **práctica**, é dicir, a relativa á praxe, ao feito de relacionarse co contorno e cos demais individuos dunha forma creativa e transformadora. Por suposto, neste proceso de transformación imaxinativa da realidade tamén intervén a razón, pero este trazo, para Marx, é algo secundario ante a prioridade que ten a capacidade humana de traballar. A actividade dun artista pode proporcionarnos un bo exemplo para comprender o sentido desta teoría antropolóxica. Cando un pintor, un músico ou un escritor se mergullan no proceso creativo, podemos ver neles un trazo admirable que é imposible atopar nun cabalo, nun can ou nun golfiño. Algo similar sucede cando un artesán elabora un obxecto e envorca nel o seu coñecemento, a súa intelixencia e a súa dedicación. A creación dunha obra singular, que antes non existía, e que introduce no mundo unha realidade nova, supón para Marx a máis alta e plena realización das potencialidades humanas.

### 2. 3. 2. A alienación como característica do traballo baixo o capitalismo

A pesar de ser o traballo a nosa esencia máis profunda, os seres humanos non sempre temos a oportunidade de desenvolver este tipo de actividade creativa que é tipicamente humana. Isto é precisamente o que sucede no sistema capitalista, que se caracteriza pola imposibilidade que ten o obreiro de expresar a súa creatividade mediante a súa actividade produtiva. No modo de produción capitalista os medios de produción están en mans privadas. O capitalista burgués que é dono dunha fábrica aspira a obter con ella un beneficio económico. Para conseguilo debe adquirir materias primas e transformalas

segundo a lei da oferta e a demanda. Para iso o capitalista necesitará dispor de obreiros que lle proporcionen a **forza de traballo** humana necesaria no proceso de fabricación industrial. A cambio de vender esta forza de traballo ao burgués, os obreiros reciben un salario que lles permite sobrevivir.

Pero as condicións laborais dos obreiros na fábrica son moi distintas das dun artista que elabora a súa obra de maneira creativa. Para empezar, os obreiros non son donos do produto do seu traballo, xa que este pertence ao dono da empresa. No capitalismo, os empregados envorcan a súa capacidade transformadora, na que se encerra a esencia máis característica do humano, sobre un obxecto que lles é arrebatado e sobre o que non teñen ningún poder. Desta maneira, o froito deste esforzo creativo, que debería actuar como reflexo da súa humanidade, aparéceselle ao obreiro como unha realidade estraña, allea e hostil. Recollendo un termo que xa utilizaran Hegel e Feuerbach, Marx emprega o concepto de **alienación** para referirse a esta situación de estrañamento que se produce no obreiro dentro do sistema capitalista. O traballador está alienado fronte ao **produto** que elabora, porque este se lle presenta como algo alleo e ameazante, en lugar de representar a cristalización da súa humanidade.

Pero o proceso de alienación non se detén aquí. Ademais de fronte ao produto do seu esforzo, o obreiro tamén está alienado ante o **proceso** de traballo que desenvolve na fábrica. Na xornada laboral do obreiro, repetitiva, mecánica e deshumanizadora, non pode materializarse a esencia creativa e transformadora que debería caracterizar o proceso laboral. Así, o mesmo acto de traballar, que debería supor a realización da esencia humana, convértese no capitalismo nunha actividade estraña e desagradable, que só ten sentido realizar a cambio dun salario para sobrevivir. Por iso di Marx que, no capitalismo, o obreiro parece sentirse máis cómodo nas tarefas propias dun animal (como comer, beber, durmir ou descansar) que no traballo (onde teoricamente debería manifestarse a súa humanidade máis profunda).

K. MARX, texto 1

*Manuscritos económico-filosóficos de 1844*

En que consiste, pois, a alienación do traballo?

Primeiro, en que o traballo é *externo* ao traballador, é dicir, que non pertence á súa esencia, que, por iso, o traballador non se afirma no seu traballo, senón que se nega, non se sente ben, senón infeliz, non desenvolve unha enerxía física e espiritual, senón que mortifica o seu corpo e estraga o seu espírito. De aí que o traballador só se sinta consigo mesmo fóra do traballo e no traballo fóra de si. “No seu” está cando non traballa e cando traballa non está “no seu”. O seu traballo non é, pois, voluntario, senón obrigado, *traballo forzado*. Non é daquela a satisfacción dunha necesidade, senón só un *medio* para satisfacer necesidades alleas. O seu carácter estraño salientase nido en que en canto non hai unha constrición física ou de calquera outra índole, fóxese do traballo como da peste. O traballo externo, o traballo no que o home se allea, é un traballo de autoinmolación, de mortificación. Finalmente a exterioridade do traballo para o traballador maniféstase en que non é o seu propio traballo, senón o doutro, en que non lle pertence, en que no traballo non se pertence a si mesmo, senón a outro. Así como na relixión a actividade espontánea da fantasía humana, do cerebro e do corazón humanos, esta actúa independentemente do individuo, é dicir, é para el coma efecto dunha acción divina ou demoníaca; así a actividade do traballador non é actividade de seu; pertence a outro, é a perda de si mesmo.

K. MARX, *Manuscritos económico-filosóficos de 1844*, Primeiro manuscrito, XXIII (O traballo alleado)

Trad. de Rafael Martínez Castro (USC)

Á alienación económica que sofre o obreiro súmanse, segundo Marx, outras formas de alienación. A alienación política prodúcese pola separación entre a sociedade civil e o Estado, xa que no sistema capitalista o Estado é un instrumento de dominación ao servizo da burguesía. Ademais, os individuos que conforman o proletariado tamén están sometidos á alienación ideolóxica e relixiosa, que contribúe a mantelos nun estado de pasividade e submisión ao servizo dos intereses capitalistas. O capitalismo é, por tanto, un sistema no que a característica máis esencialmente humana do traballador queda anulada e convertida nun simple instrumento para o beneficio do burgués. Esta é unha das principais razóns que fan necesario superar o sistema capitalista, para permitir que nunha nova forma de organización social todos os seres humanos poidan desenvolver libremente a súa capacidade creativa nun mundo libre de explotación e de alienación.

### 2. 3. 3. A plusvalía

Como ten lugar ese proceso no que o traballo, a esencia mesma do traballador, é alienado e transformado en beneficio para o capitalista? Para comprender o particular funcionamento da explotación capitalista, Marx distingue entre o valor de uso e o valor de cambio dun determinado ben. O **valor de uso** dun ben ten que ver co proveito e a utilidade práctica que nos proporciona. O **valor de cambio**, pola súa banda, está asociado ao prezo dese ben no mercado. A diferenza destes dous tipos de valor pode apreciarse claramente se comparamos dous bens como auga e ouro. A auga, que ten un valor de cambio bastante baixo, é, con todo, imprescindible para a vida, polo que ten un enorme valor de uso. Pola contra, o ouro, cuxo valor de uso é bastante limitado, ten un altísimo valor de cambio. Como se determina o valor de cambio nunha economía capitalista? De acordo con Marx, o valor de cambio non é máis que o reflexo da **cantidade de traballo socialmente necesaria** para obter un determinado ben. O valor de cambio do ouro é moi alto porque a súa extracción require moito tempo de traballo. Aínda que é posible que alguén con moita sorte atope con rapidez unha pebida de outro no río, máis ou menos é preciso investir moitas horas de traballo para obtela. Así pois, para Marx, o valor de cambio non é máis que traballo humano materializado en forma de mercadoría.

Pero non todas as mercadorías que existen no traballo son iguais. Hai unha mercadoría en concreto, a **forza de traballo** humana, que ten propiedades moi especiais. A forza de traballo pódese comprar e vender como calquera outro ben nun mercado libre. O prezo da forza de traballo (o seu valor de cambio) é o salario que o burgués paga ao obreiro pola súa xornada laboral. Con todo, o valor de uso da forza de traballo é moito maior, xa que mediante a súa actividade o obreiro é capaz de crear riqueza e producir valor. Marx chamaba **plusvalía** á diferenza que hai entre o valor de uso da forza de traballo e o seu valor de cambio. Os obreiros producen máis valor do que se lles paga co seu salario. A plusvalía equivale a esa cantidade extra de riqueza que produce o obreiro pero que finalmente queda en mans do propietario da fábrica. Precisamente, a plusvalía é a fonte de onde o capitalista extrae o seu beneficio económico. Como é evidente, este beneficio só é posible porque o burgués se apropia dunha parte do traballo dos obreiros, enriquecéndose á súa costa. Esta é a orixe da explotación capitalista, e a razón pola cal todos os intentos de reforma do capitalismo están condenados ao fracaso. O capitalismo sostense necesariamente sobre a explotación do proletariado, e así seguirá ocorrendo

mentres os medios de produción sigan sendo propiedade dunha burguesía que se enriquece á conta da plusvalía xerada polos obreiros.

K. MARX, texto 4

### *O capital*

Por outra banda, emporiso, restrínxese o concepto de traballo produtivo. A produción capitalista non é simple produción de mercancías, é esencialmente produción de plusvalía. O traballador non produce para si, senón para o capital. É por iso que xa non abonda con que simplemente produza; ten que producir plusvalía. Só é produtivo o traballador que produce plusvalía para o capitalista ou en proveito da autorrealización do capital (...) Por iso en ningún caso o concepto de traballo comprende unicamente unha relación entre actividade e efecto útil, entre traballador e produto do traballo, senón tamén unha relación de produción especificamente social que se xera historicamente e que fai do traballador un instrumento inmediato para o proveito do capital. (...) A prolongación da xornada laboral alén do punto no que o traballador ten xa producido un equivalente do valor da súa forza de traballo e máis a apropiación desta plusvalía polo capital: iso é a produción de plusvalía absoluta. Esta constitúe o fundamento universal do sistema capitalista e a orixe da produción de plusvalía relativa. Neste caso a xornada laboral está dividida de antemán en dúas partes: traballo necesario e traballo engadido. Para prolongar o traballo engadido acúrtase o traballo necesario por métodos mediante os cales o equivalente do salario é producido en menos tempo. A produción da plusvalía absoluta ten que ver unicamente coa duración da xornada de traballo; a produción da plusvalía relativa revoluciona por completo os procesos técnicos de traballo e os agrupamentos sociais.

K. MARX;, *O capital*, Tomo I (Crítica da economía política), Libro I, Sección V, Cap XIV  
(Plusvalía absoluta e relativa)

Trad. de Rafael Martínez Castro (USC)

## 2. 4. CONTRADICIÓN DO CAPITALISMO E REVOLUCIÓN

### 2. 4. 1. O inevitable final do capitalismo

De acordo coa súa análise do funcionamento da economía capitalista, levada a cabo a partir do estudo dos economistas clásicos como Smith e Ricardo e materializada en obras como a *Contribución á crítica da economía política* e *O capital*, o modo de produción capitalista diríxese, polas súas contradicións internas, cara á súa inevitable superación. Marx apreciaba enormemente a contribución teórica dos economistas británicos, aínda

que mantíña con eles unha discrepancia fundamental: para a economía política clásica, a economía de mercado capitalista é un sistema natural, que xorde de forma espontánea nunha sociedade libre de trabas que é capaz de producir por si mesma unha mellora das condicións de vida para toda a poboación. Para Marx, en cambio, o capitalismo non é ningún fenómeno natural, senón que unicamente se trata dunha forma concreta de evolución histórica e que, á súa vez, será substituída no futuro por outro modelo diferente. Ademais, o capitalismo é un sistema explotador que sobrevive á conta da alienación do proletariado. Por iso é preciso entender ben como funciona, para intentar acelerar a súa caída anticipando, na medida do posible, a chegada dunha orde social xusta.

O capitalismo é un sistema xeneralizado de extracción da plusvalía. Pero este sistema, que parece proporcionar ganancias ilimitadas aos donos do capital, está sometido a grandes inestabilidades. Para enriquecerse, o burgués debe ser capaz de colocar os seus produtos no mercado, ofrecéndoos a prezos máis baixos que os dos seus competidores. Pero iso unicamente se pode lograr diminuindo os custos e aumentando a plusvalía, o cal só se pode conseguir reducindo os soldos dos traballadores. Isto non se debe a que o capitalista sexa alguén malvado ou inmoral, senón que é consecuencia directa da necesidade de manterse en flotación no mercado. As empresas que non adopten medidas deste tipo acabarán por arruinarse, co que ao longo do tempo a competencia se irá reducindo e soamente sobrevivirán as empresas máis grandes. Segundo Marx, a longo prazo, o capitalismo tende inevitablemente cara a un proceso de concentración produtiva e cara a unha progresiva redución dos salarios. Este é o único modo en que pode garantirse unha taxa continua de beneficios, sen a cal a actividade produtiva se detería. Pero se este proceso se prolonga de forma indefinida, terminará por levar o capitalismo á súa propia destrución. Se os soldos dos obreiros descenden continuamente, chegará un momento en que o poder adquisitivo da poboación será tan baixo que xa ninguén poderá comprar os produtos que se ofrecen no mercado. Producirase unha crise de sobreprodución e as empresas arruinaranse por falta de consumo. O capitalismo, ademais de ser un sistema inhumano e inxusto, é tamén un sistema inestable e abocado a crises periódicas cada vez máis profundas.

#### 2. 4. 2. O comunismo

De acordo con Marx, seguindo a inevitable evolución dialéctica da historia, o capitalismo ía dar paso en moi pouco tempo a un sistema novo, no que finalmente reinarían a liberdade e a xustiza. Para logralo, habería que pór fin á propiedade privada dos medios de produción, que é a raíz da explotación e da desigualdade no capitalismo. Como as fábricas pertencen aos burgueses, estes vense obrigados a extraer a plusvalía dos obreiros e a imporlles condicións de traballo alienantes para poder competir no mercado internacional. Así, só poderá lograrse o fin da opresión cando as fábricas deixen de estar en mans privadas e pasen a ser propiedade de todos os traballadores.

Este novo modelo de organización social é o comunismo, chamado así porque nel os medios de produción serán comúns. No comunismo, as terras, as fábricas e as máquinas serán propiedade de toda a sociedade, polo que xa non existirá a distinción entre capitalistas e proletarios. Xa non haberá un burgués que se apropie da plusvalía dos demais, co que finalizará a explotación do ser humano polo ser humano. Nesta nova sociedade tampouco haberá alienación, porque todos serán libres para desenvolver plenamente a súa creatividade sen trabas, en lugar de someterse ás inhumanas condicións de traballo impostas polo empresario.

O comunismo, ademais, será o último e definitivo sistema de organización socioeconómica. A diferenza do que sucedeu cos demais modos de produción, que han de ir sucedéndose uns a outros de acordo coa dialéctica da historia, o comunismo perdurará indefinidamente e marcará o final desta longa evolución temporal. Isto débese a que o motor da dinámica histórica é a loita de clases. O enfrontamento entre os explotadores e os explotados foi o responsable dos grandes cambios que se han de ir producindo ao longo da historia. Pero co comunismo desaparecerán as clases sociais, e co fin do enfrontamento de clases pararáse tamén o motor da dialéctica histórica, de maneira que o comunismo será a última e definitiva etapa deste longo proceso, no que finalmente os seres humanos poderán vivir nun mundo onde reinen a liberdade e a xustiza. Fronte á explotación derivada da propiedade privada dos medios de produción, o comunismo baséase na xestión común da riqueza, dirixida non a un reparto exactamente igual de



ingresos entre toda a poboación, senón a responder ás circunstancias e necesidades de cada individuo para que todas as persoas podan desenvolverse plenamente. Isto resúmese na frase “De cadaquén, segundo as súas capacidades; a cadaquén, segundo as súas necesidades”.

#### 2. 4. 3. A revolución

Aínda que a chegada do comunismo é unha necesidade histórica inexorable, Marx pensaba que era necesario adiantar a caída do capitalismo para asegurar que este novo sistema puidese implantarse canto antes. Por iso se implicou persoalmente na organización do movemento obreiro, tomando parte activa na fundación da Asociación Internacional dos Traballadores e participando nos movementos revolucionarios da súa época. Para lograr a chegada do comunismo, Marx confiaba na forza revolucionaria e transformadora do proletariado. Debido á súa peculiar condición, a clase obreira é a única capaz de comprender a explotación que impón o capitalismo. En cambio, os burgueses, cegados pola ideoloxía na que están somidos, son incapaces de albiscar a auténtica realidade. A diferenza dos burgueses, que están condicionados polos seus intereses materiais e ven a realidade de maneira interesada, os obreiros poden acceder directamente á verdade, sen distorsións ideolóxicas, porque na súa vida diaria están sometidos á alienación e á explotación do capitalismo dun modo directo. Pero para logralo, deben superar esa falsa conciencia que é a ideoloxía.

Os obreiros deben deixar de buscar o consolo da relixión e deben abandonar a confianza no sistema xurídico e político establecido polos burgueses. En lugar de confiar na superestrutura burguesa, deben organizarse para impulsar unha transformación revolucionaria da sociedade que derrube a opresión capitalista e permita alumar o nacemento do comunismo. Pero isto só se conseguirá se os obreiros adquiren conciencia de clase, que consiste en darse conta da súa situación nas relacións de produción capitalistas. Debido ao maior desenvolvemento do proletariado nos países máis industrializados, isto sucederá, en primeiro lugar, nas rexións máis prósperas e avanzadas, onde irá formándose a vangarda do movemento revolucionario internacional. O proletariado debe comprender que está chamado a desempeñar un papel decisivo na

historia. Cando os obreiros loitan en favor do comunismo, non só están perseguindo os seus intereses, senón que, dese modo, contribúen a liberar a toda a humanidade, polo que teñen unha misión que vai máis aló do particular e cuxa función é universal.

Así e todo, non será fácil derrotar o sistema capitalista. Os burgueses contan con abundantes medios para defenderse. Dispoñen do exército, da policía, do sistema legal e xudicial, das institucións políticas e dun discurso ideolóxico lexitimador que abarca a relixión, a filosofía, a arte e as ciencias. Por iso, Marx pensaba que a caída do capitalismo só podería producirse exercendo a violencia. O comunismo unicamente poderá triunfar se a clase obreira é capaz de apoderarse do Estado para impor unha ditadura do proletariado que asegure o final do capitalismo. De acordo con Marx, este período violento e convulso só é unha breve etapa transitoria que permite implantar o comunismo socializando os medios de produción. Posteriormente, cando o comunismo sexa unha realidade, estas medidas deixarán de ser necesarias, polo que as institucións do Estado desaparecerán e a sociedade poderá xestionarse a si mesma de forma libre e autónoma.